

# FORMACIÓN SOBRE DETECCIÓN E ACTUACIÓN INTEGRAL ANTE A VIOLENCIA SEXUAL CONTRA A INFANCIA E ADOLESCENCIA



## **1.- Presentación:**

A Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPIVI) expón no seu artigo 5, sobre a Formación, que as administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, promoverán e garantirán unha formación especializada, inicial e continua en materia de dereitos fundamentais da infancia e a adolescencia aos e ás profesionais que teñan un contacto habitual coas persoas menores de idade. Dita formación comprenderá como mínimo: a) A educación na prevención e detección precoz de toda forma de violencia á que se refire esta lei. b) As actuacións a levar a cabo unha vez que se detectaron indicios de violencia. c) A formación específica en seguridade e uso seguro e responsable de Internet, incluíndo cuestións relativas ao uso intensivo e xeración de trastornos conductuais. d) O bo trato aos nenos, nenas e adolescentes. e) A identificación dos factores de risco e dunha maior exposición e vulnerabilidade ante a violencia. f) Os mecanismos para evitar a vitimización secundaria. g) O impacto dos roles e estereotipos de xénero na violencia que sofren os nenos, nenas e adolescentes.

### **¿QUE É O MODELO BARNAHUS?**

A Barnahus (Casa dos Nenos en islandés) é un modelo de atención integral onde todos os departamentos que interveñen nun caso de abuso sexual infantil coordínanse e traballan baixo o mesmo teito para atender ao neno ou nena vítima. Trátase dunha casa, lonxe de comisarías e hospitais, que conta cunha contorna amigable para os nenos: decoración adaptada á súa idade e profesionais especializados en vitimoloxía infantil. Este modelo, que xa se aplica nos Estados Unidos e no norte de Europa, pon ao neno no centro para que este non teña que desprazarse polos diferentes servizos implicados no caso, nin repetir tantas veces a súa historia. En lugar de ir a comisaría a prestar declaración, o neno acode á Barnahus onde se lle fai directamente unha entrevista forense que é gravada e todos os actores involucrados no caso vena por circuíto pechado. A gravación da entrevista forense permite recoller o testemuño do neno canto antes, o cal facilita a súa recuperación e evita que teña que ir ao xuízo oral. A súa efectividade está baseada na evidencia. Son múltiples os estudos empíricos que demostraron que este modelo axuda a reducir a vitimización secundaria e mellora o trato cara ao neno e a súa familia. Ademais, en Islandia, por exemplo, desde a súa implementación o número de casos nos que o agresor foi acusado triplicáronse.

### **CONTIDOS A TRABALLAR NA FORMACIÓN:**

1. A LOPIVI como marco de referencia para a prevención, detección e protección.
2. O desenvolvemento afectivo-sexual en nenos, nenas e adolescentes
3. Violencia na infancia e adolescencia
4. Pautas de actuación ante a sospeita de violencia sexual. Avanzando cara ao modelo Barnahus.

## 2.- Datos básicos da formación:

**DATA:** 3, 10, 17 e 24 de abril do 2024

**NÚMERO DE SESIÓNS:** 4 (3 online e 1 presencial)

**HORARIO:** Sesións online 16:00-19:00; sesión presencial 9:00-14:00 e 16:00-18:00

**LUGAR SESIÓN PRESENCIAL:** Sede do Ceesg en [R/ Lisboa 20, Baixo C Santiago de Compostela 15707](#)

**HORAS TOTALES:** 20h certificadas

**MODALIDADE:** Mixta (presencial e online)

**INSCRICIÓNS:** [ceesg.gal](http://ceesg.gal)

**DATA LÍMITE INSCRIPCIONS:** 22 de marzo do 2024

**DESTINATARIAS/OS:** Educadoras/es Sociais Colexiadas/os no Ceesg ou en calquera colexio profesional adscrito ao CGCEES

**COTA MATRÍCULA:** Formación financiada polo Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 **exclusiva** para as/os destinatarias/os indicadas/os anteriormente

## 3.- Obxectivos:

- Facilitar un achegamento ao marco xurídico que expón a LOPIVI en materia de infancia e adolescencia.
- Transmitir coñecementos sobre desenvolvemento afectivo-sexual en nenos, nenas e adolescentes e as condutas problemáticas e abusivas.
- Ofrecer información sobre a violencia sexual contra NNA: definición, tipoloxía, prevalencia, incidencia.
- Aprender a detectar a violencia sexual cara a NNA a través dos seus indicadores e o coñecemento dos distintos tipos de especificidades na vitimización.
- Promover a prevención da violencia sexual en nenos, nenas e adolescentes a través da educación afectivo-sexual e o fomento da comunicación con NNA.
- Dar a coñecer pautas de actuación ante a sospeita de violencia sexual, así como a importancia da coordinación con recursos especializados. Avanzando cara ao modelo Barnahus.

## 4.- Contidos e cronograma:

<b>1ºSESIÓN ONLINE 03 DE ABRIL</b>	
<b>HORA</b>	<b>CONTIDO</b>
<b>16:00-17:30</b>	<p>Concepto de violencia sexual contra nenos, nenas e adolescentes. Conceptos legais.</p> <p>Mitos e realidades da violencia sexual contra NNA.</p> <p>Aspectos específicos de algúns tipos de violencia sexual contra NNA</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Trata con fines de explotación sexual</li><li>• Grooming</li><li>• Violencia sexual dentro de situacións de violencia de xénero en adolescentes</li></ul>
<b>17:30-17.35</b>	<b>DESCANSO</b>
<b>17:35-19:00</b>	<p>O desenvolvemento afectivo-sexual en nenos, nenas e adolescentes.</p> <p>Conductas sexuais saudables vs problemáticas en NNA.</p> <p>Pautas para unha axeitada detección e actuación.</p>

<b>2ºSESIÓN ONLINE 10 DE ABRIL</b>	
<b>HORA</b>	<b>CONTENIDO</b>
<b>16:00-17:30</b>	<p>Detección da violencia sexual cara NNA. Indicadores e especificidade dos mesmos.</p> <p>Pautas de actuación inicial para os profesionais da infancia e adolescencia ante a sospeita de violencia sexual.</p>
<b>17:30-17.35</b>	<b>DESCANSO</b>
<b>17:35-19:00</b>	<p>A LOPIVI como marco de referencia para a prevención, detección e protección.</p> <p>O procedemento xudicial en casos de NNA vítimas de violencia sexual. Boas prácticas no procedemento xudicial.</p>

<b>3º SESIÓN ONLINE 17 DE ABRIL</b>	
<b>HORA</b>	<b>CONTIDO</b>
<b>16:00-17:30</b>	Os procesos de Avaliación e tratamento psicolóxico en casos de violencia sexual contra NNA.
<b>17:30-17.35</b>	<b>DESCANSO</b>
<b>17:35-19:00</b>	Intervención do sistema xudicial, social, sanitario e educativo nos casos de sospeita de Violencia Sexual contra nenas, nenos e adolescentes. Aspectos a ter en conta para evitar a Vitimización Secundaria.

<b>4º SESIÓN PRESENCIAL 24 DE ABRIL</b>	
<b>HORA</b>	<b>CONTENIDO</b>
<b>9.00-11.00</b>	O Modelo Barnahus para unha asistencia integral da Infancia e Adolescencia.
<b>11.00-11.30</b>	<b>DESCANSO</b>
<b>11.30-14.00</b>	Prevención da violencia sexual en NNA a través da educación afectivo-sexual e o fomento da comunicación co/a NNA.  Importancia de crear espazos seguros e amigables coa infancia.
<b>14:00-15:00</b>	<b>DESCANSO</b>
<b>15:00-18:00</b>	Detección e primeiras pautas de actuación. Traballo con casos prácticos.
	Boas prácticas de intervención coordinada en casos de Violencia Sexual contra nenas, nenos e adolescentes a través da análise de casos  Posta en común e conclusións.

## 5.- Docentes:



**Laura Villargordo García**

Referente do programa "Avance cara Barnahus". Psicóloga xeral sanitaria, máster en psicoloxía clínica, Legal e forense e en intervención criminolóxica e vitimolóxica. 14 anos de experiencia como psicóloga do programa de avaliación e tratamento de menores vítimas de violencia sexual, Fundación Márgenes y Vínculos en Málaga. Profesora do máster de psicoloxía infantil e xuvenil da Universidade Europea de Valencia.



**Mara Monreal Rodríguez**

Asesora xurídica do programa de avaliación, diagnose e tratamento de NNA vítimas de violencia sexual Andalucía oriental-Fundación Márgenes y Vínculos. Avogada penalista, experta en dereito penal con menores e criminoloxía xuvenil e especialista en xustiza restaurativa e mediación penal.



**Celia Nevado Fernández**

Dra. en psicoloxía. Experta U. criminoloxía. Directora de programas da área de infancia, adolescencia e violencia a nivel nacional Fundación Márgenes y Vínculos. Profesora do máster de psicoloxía xurídica e forense da Universidade Europea de Madrid.



[ceesg.gal](http://ceesg.gal) | 981.552.206